RAFAEL DIESTE,

-Biografía:
- Rianxo 1899-1981
- En 1970 le o discurso de ingreso na R.A.G: “A vontade de estilo na fala popular”
- Pertencente á Xeración do 25

Dos arquivos do trasno :(1926), colección de contos de temática variada que xiran ao redor da psicoloxía e das experiencias extraordinarias da xente galega. Neles cóntase só o esencial, sen elementos superfluos.

Dous son os principios que a gobernan: unidade emotiva e remate esencial.

Dieste retrata en historias diferentes a psicoloxía da xente galega, por medio do seu comportamento e reaccións.

O ambiente mariñeiro e a rexa dignidade dos personaxes, xunto co ritmo (obsesión-suspense-remate sintético) conforman a unidade estética destes contos.

Moitos contos de Dieste presentan un verniz máxico e misterioso, pero manténdose sempre dentro da realidade, pois os finais dilúen a insinuación do fantástico deixando aberta a explicación lóxica dos acontecementos.

Estes relatos de Dieste teñen un final inconcluso e aberto, que deixan a quen le coa incertidume acerca desas experiencias extraordinarias, que non sobrenaturais; por iso os remates sorprenden ao lector, a pesar de estaren latentes ao longo do relato.

Dende o punto de vista técnico, Dieste utiliza a técnica do encaixe (inclusión dun conto dentro doutro), a retrospección, a apelación á audiencia, os ambientes tabernarios para dar idea do colectivo galego…

Os narradores, que frecuentemente relatan en primeira persoa, utilizan un ton serio e confidencial e o discurso é sinxelo, con parrafeos breves, en consonancia cos ambientes íntimos e humildes dos contos.

- **A fiestra valdeira**: comedia de carácter simbólico sobre a identidade (individual e colectiva).

Un mariñeiro volve rico da emigración e encarga un retrato diante dunha ventá. O pintor quere situar como fondo da fiestra unha paisaxe mariñeira, símbolo do pasado humilde do retratado. A muller e a filla opóñense. Entón aparece a “fiestra baldeira” como símbolo da anulación da identidade individual e colectiva. Ao final o conflito resólvese coa aceptación da realidade e do pasado humilde.

O principal axente da acción da obra é o cadro, que arredor del desenvólvese toda a acción da obra.

Os elementos que aparecen no polémico cadro son: **A vista que hai a través da fiestra,** a paisaxe que se ve dende a fiestra da casa de Don Miguel. Vense os barcos e a xente da vila, a paisaxe típica duna vila mariñeira.